

Quiasmo

ARTES LETRAS E CIÊNCIA



Pequeno breviario sobre a morte | Poesía de Samuel Merino

I

Se soubese debuxar o mar
todo esperanza
todo futuro:

un mar extenso de hortensias e a miña avoa agromando nel
a miña avoa materna sendo a filla primeira
sendo ela por primeira vez
coidada e arrolada polas flores -todo enfeite todo feitizo coa
mesma furia coa que ela sabe protexer.

Se cadra

debería preguntarlle se bota a praia en falta
mollar as pernas na beira e enterrar os pés
apañar dous croques abrir
un contra outro comer
chuchar o sal aínda con sede
mentres que as ondas regresan.

[Non sei se a miña avoa nadou algunha vez
nunca me pregunto por cousas tan importantes pero]
non a imaxino adentrándose na auga
coa mesma pericia coa que a observo adentrarse na terra
con esa mestura de técnica control e naturalidade
coa que abre sucos para sementar hortensias cada decembro día
un
polo seu aniversario.

Non darei debuxado nada así
de seguro por non imaxinar
un futuro máis perfecto
que ver a miña avoa nacer asistir
ao momento exacto da súa chegada
un futuro máis perfecto
que arrolala nos meus brazos
e non ter que despedila sen crer no ceo.
[Non sei se a miña avoa aprendeu a voar algunha vez
nunca me pregunto por cousas tan importantes pero]
non a imaxino atravesando as nubes
coa mesma gravidade coa que a observo
atravesar o plantío,
coa que a vexo adentrarse na infancia
con esa mestura de saber, intuición e traballo
de quen leva todo aprendido.

II

Entregueime, ma
como puiden ou como souben
poñendo o corpo na palabra
e viceversa
o meu laio lamentoso no vértice do corazón
ou o corazón da noite na miña gorxa metálica.
Souben axiña
que hai males que non se contaxian e porén poden herdarse:
unha présa extrema por chegar a ningures
o devezo a ansia ma
ese despregar teu do verbo en berros
a convicción férrea de posuir a verdade
por omitir a mentira
e o arrepentimento ma
o remordemento que se acalma
na entrega de amor por duplicado.
Entregueime, ma como puiden
ou como souben ma.
Herdei de ti
máis do que podo soste en esta debilidade
e todo iso sostenme.
Ma, eu entrégome así:
poñendo a palabra no corpo

e viceversa
o vértice da noite na miña gorxa metálica
e todo o meu lamento nun lance do corazón.
Souben aínda a tempo
que me les por se me atopas
que me les por se te atopas
– no poema –
e aquí estás, ma
canda a todo o que nos une
canda a corda umbilical
que me sustenta.

III

Tremer de frío ou de medo
tremer no medio e medio da noite
no mesmo medio do abandono
ser un sismo incontrolable e sen fin.
Vir morrer aquí
por veces un precisa de certo acougo
para a morte
de certo silencio para a morte
de certa quietude para agardar pola morte.
Tremer de medo ou de frío tremer
no medio e medio do inverno
no mesmo medio do branco
ser un alude abafado de transparencia e sen fin.
Vir morrer aquí vir – vivir aquí – por veces
un precisa fuxir da vida
cara a morte
fuxir do caliz da vida cara a morte
morrer un intre
para seguir vivindo e ser
un sismo
un alude.

IV

Non era noite pero:
era certamente
escuridade escorregando polos ocos era
un aviso de perigo o esqueleto das árbores

contendo un desconsolo de séculos atrás
descifrando os medos dun milenio.
Poderíase dicir que era
un xeito novo de intimidade ou acubillo
ou un trasunto de tobeira.
Poderíase dicir que era o momento irrepetible de se atopar nas
tebras
ou
de facer amizade coa voz gris que nos narra
– dende dentro –
pero todo isto non é máis que unha forma pouco clara de dicir
unha vez máis
coma sempre que estamos sós unha vez máis
coma nunca.

V

Fin:

Se tivese a man afeita á pel
como teño ao medo afeita a mirada
como afeitos teño ao odio os desexos
– se tivese a man afeita á pel –
ben seguro que non había de escribir
para me afacer á morte.